

## HABILITACIÓNS ENSINO PRIVADO MARZO 2024 (DO 15 AO 01 ABRIL)

O 3 de xuño de 2022 publicouse no DOG a *Orde do 27 de maio de 2022 pola que se modifica a Orde do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B)* coa finalidade de habilitar de oficio nas novas materias LOMLOE. As persoas que non posúan unha resolución de habilitación que lles permita a habilitación de oficio nas novas materias ou naquelas que manteñen a mesma denominación, poderán solicitar a habilitación nestas materias nos prazos de presentación de solicitudes establecidos no artigo 13 da Orde do 22 de xullo de 2020. Pola súa vez, habilitouse de oficio a todas as persoas que posúan unha resolución de habilitación de materias que manteñen no novo sistema a mesma denominación do anterior sistema educativo e ademais nas novas materias cando exista a correspondencia que se relaciona no anexo da Orde do 3 de xuño de 2022 (acceda a ligazón [Correspondencias](#)). Estas persoas NON terán que formular ningunha solicitude xa que figurarán como habilitadas nas materias correspondentes na aplicación web de habilitacións de profesorado de centros docentes privados (poderá comprobarse na epígrafe **3.3 As miñas habilitacións** do menú da aplicación web [www.edu.xunta.gal/habilitacions](http://www.edu.xunta.gal/habilitacions) despois de identificarse co usuario de educación, Chave365 ou certificado dixital) ([ver aquí a ORDE](#)).

**SOLICITUDE DE NOVAS MATERIAS LOMLOE.** Para poder solicitar as materias do novo plan educativo e, unha vez creada a solicitude, deberá elixir o plan educativo LOMLOE. Para o caso de que desexe solicitar algunha materia do plan anterior que continúa vixente, deberá elixir o plan educativo LOMCE.

**Lembramos que a aplicación informática para a solicitude de habilitacións na convocatoria de MARZO de 2024 estará dispoñible do día 15 de marzo ao día 01 de abril, ambos incluídos.**

Con data 04-03-2024 publicouse na web as [RESOLUCIÓNS da convocatoria de xaneiro de 2024](#). As resolucións de habilitación enviaranse aos correos electrónicos das persoas solicitantes logo da publicación da resolución da convocatoria na páxina web.

### NOVAS FUNCIONALIDADES:

Pódense consultar todas as habilitacións na opción de menú SOLICITANTE-AS MIÑAS HABILITACIÓNS na aplicación informática de habilitacións.

A información para todas e todos

<https://snepdegalicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

A partir da convocatoria de marzo de 2021 os títulos de doutoramento e de máster oficial así como as certificacións do nivel de competencia lingüística dun idioma expeditadas polas Escolas Oficiais de Idiomas deben engadirse no apartado: "**Datos académicos**"- "**Titulacións**"- "**Engadir Titulación**", escollendo no desplegable da caixa "**Clase de titulación**" a categoría "**Universitaria**" para os títulos de doutoramento e de máster oficial e a categoría "**Ciclo de EOI**" para as certificacións das Escolas Oficiais de Idiomas. A continuación nas seguintes caixas desplegables poderá concretar o seu título de doutoramento/master oficial ou a súa certificación da Escola Oficial de Idiomas.

A partir da convocatoria de xuño de 2021 os certificados de acreditación lingüística do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (agás os da Escola Oficial de Idiomas que deberán introducirse no apartado de Titulacións) deberán engadirse no apartado de "Datos académicos"- "Outras Linguas"- "Engadir lingua".

De acordo co artigo 12.1 da [ORDE](#) do 22 de xullo de 2020 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia nos centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, e se establece o procedemento de habilitación (código de procedemento ED302B) publicada no Diario Oficial de Galicia nº 161, do 12 de agosto, as solicitudes (anexo I) **presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado accesible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. Tamén poderán cubrirse na páxina web da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos <http://www.edu.xunta.es/habilitacions> e presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Accede á **normativa** na ligazón: <https://www.edu.xunta.gal/portal/habilitacions>

**IMPORTANTE: [RD 187/2023](#)** que modifica o RD 860/2010 do 2 de xullo; cambios nas condicións de formación inicial do profesorado en centros privados para exercer a docencia en secundaria e bacharelato.

Acreditación do dominio do idioma para impartir a materia de lingua estranxeira (ESO/BTO): o dominio da lingua deberá xustificarse con calquera certificado que acredite un nivel C1 ou C2 do Marco Común Europeo de Referencia para as linguas.

## ***POLO EMPREGO:***

## ***TRABALLO E DIGNIDADE***